



PLAN DIXITAL

15002050 **CEIP O AREAL**

Versión 1.0 xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1.Introdución

- 1.1.Datos básicos do centro
- 1.2.Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3.Breve xustificación do mesmo
- 1.4.Proceso de elaboración

2.Situación de partida

- 2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3.Análise DAFO

3.Plan de Acción

- 3.1.Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4.Avaliación do PD

- 4.1.Seguimento do Plan de Acción
- 4.2.Propostas de mellora (revisión)

5.Difusión do PD

1.Introdución

1.1.Datos básicos do centro

Nome do Centro: C.E.I.P. O Areal				Código: 15002050				C.I.F.: Q6555436B					
Enderezo: Avda. Eugenio López, 35				Localidade: Camariñas				Concello: Camariñas					
Código Postal: 15123		Provincia: A Coruña			Tlf.: : 881880305			Fax: : 881880310					
E-mail		ceip.oareal@edu.xunta.es											
Blogue		www.ceipoareal.wordpress.com											
Tipo de centro						Centro Público							
Titularidade						Consellería de Educación							
UNIDADES			POSTOS DE TRABALLO										
EI	EP	TOTAL	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	OC	TOTAL
3	7	10	4	6	1	1	1	1	1	1	0	0	16
POSTOS DE TRABALLO EN FUNCIONAMIENTO													
EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	Orient	Relix.	TOTAL			
4	6	1	1	1	1	1	1*	*	1	17			

1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP O Areal sitúase no concello de Camariñas, enclavado na comarca de Soneira. Ocupa a zona máis occidental da provincia de A Coruña. É un concello costeiro, situado en plena Costa da Morte. Ao estar situado no centro do pobo, non se dispón de autobús escolar, achegándose ao centro a maioría dos nenos/as camiñando.

En canto ás actividades económicas segundo os últimos estudos, os tres sectores teñen aproximadamente a mesma ocupación.

O sector primario ocupa aproximadamente a un 30% da poboación, tendo un papel especialmente destacado a pesca de baixura e o marisqueo. Tamén existe inda que en moito menor medida unha certa importancia de agricultura e a gandería inda que están en gran decadencia.

En canto ao sector secundario, este ocupa aproximadamente a un 35% da poboación, inda que existen algunhas empresas de pequeno tamaño, a gran maioría repártense en tres empresas, unha de conservas de produtos do mar, outra de conxelados e unha de acuicultura de rodaballo. Tamén nos últimos tempos comezou a ter bastante presenza industria eólica.

Por último, o sector terciario ben a dar traballo aproximadamente a un 35% da poboación, destacándose o que se refire a diferentes empregados do Concello e os traballadores de colexios e instituto.

En canto ao aspecto máis social cabe destacar que Camariñas, pese a non ser un pobo con unha gran poboación, ten unha importante actividade migratoria, tanto no que se refire á emigración como á inmigración.

En canto á emigración existe un número importante de persoas que emigraron nos últimos 30 anos ao estranxeiro, fundamentalmente a América Latina e ultimamente a Suíza. Ademais tamén existe un número importante de persoas que emigraron ás Illas Canarias, especialmente a Fuerteventura.

En canto á inmigración, destacan fundamentalmente as familias chegadas de África, especialmente de Marrocos e de Senegal. Dedicándose a maioría dos chegados de Marrocos ao comercio nos mercadillos e os chegados de Senegal ao traballo no mar. En ambos casos o habitual é que o cabeza de familia veña acompañado de muller e fillos.

A situación cultural da zona é deficitaria. Unha gran parte da poboación non ten rematados os estudos básicos, e tan só un pequeno porcentaxe teñen estudos superiores. Segundo as últimas publicacións do INE podemos observar o baixo nivel de estudos da poboación residente no pobo: Un 44% non teñen estudos rematados, un 28% só teñen os estudos básicos, un 25% teñen estudos secundarios e tan só un 2% teñen estudos universitarios.

Hai algunhas asociacións culturais, deportivas e de mulleres rurais nalgunhas vilas do concello. E tamén unha gran oferta cultural e deportiva por parte do concello, orientada tanto a persoas maiores como a nenos/as.

Existe unha soa biblioteca, situada na capital do concello, Camariñas. Unha casa da cultura ("Casa da Pedra"), un club náutico e diversas asociacións; en calquera caso, escasas dada o volume de poboación do concello e as características propias.

En xeral a relación das familias cos membros da comunidade escolar en canto ao que se refire a ámbitos académicos é fluída, inda que a porcentaxe de implicación é mellorable. En gran parte dos casos os pais/nais acoden ás reunións cos mestres/as titores/as por iniciativa do mestre/a, sendo moi escasos os casos nos que a cita é solicitada polos proxenitores. Cabe destacar ademais que na gran maioría dos casos tan só acoden as reunións escolares as nais,

sendo moi poucos os pais que se acoden ao centro a preocuparse pola situación académica dos seus fillos/as. Tamén se aprecia un número importante de avós/as que se encargan dos netos/as, debido a que ambos proxenitores dos alumnos/as traballan.

De igual xeito ca no caso anterior, a participación en actividades de xestión e representación do centro non é moi elevada. Sendo poucos os pais/nais que se soen presentar como seleccionables para o Consello Escolar, e tendo dificultades tamén a ANPA para conseguir xente que esté disposta a entrar na directiva da mesma.

Por último, no que atinxe a actividades realizadas polo centro, como festivais fin de curso ou Entroido, as familias soen ser moi participativas colaborando cós mestres/as na elaboración de materiais, disfraces,... e tamén acudindo a ver os traballos realizados polos nenos/as.

Segundo enquisas pasadas en anos pasados, a xente do Concello sente gran preocupación polo futuro dos seus fillos/as, preocupándose por aspectos como:

O abandono escolar, hai moitos casos de rapaces/as que deixan os estudos sen rematar a ESO. Ante os numerosos casos de persoas sen estes estudos básicos, o Concello incluso ten contratada durante todo o ano unha traballadora-formadora para axudar ás persoas adultas a sacar por libre estes estudos.

O futuro laboral dos rapaces/as pois estamos nun concello con un alto índice de paro; ademais os debido tamén aos escasos estudos, os traballos aos que opta a maioría da xente nova, son traballos de sector primario con condicións duras de traballo e soldos moi baixos.

A emigración, en relación aos puntos anteriores, debido á pouca dispoñibilidade de traballo no entorno, moita xente marcha emigrada, para as Illas Canarias en España, e tamén para Suíza. Rompéndose a unidade familiar.

E quizais o maior problema nestes momentos serían as drogas, pois estamos nunha zona na que existe unha gran problemática neste aspecto, especialmente coa xente nova. Este problema apreciase especialmente unha vez que os nenos/as saen do colexio, nos primeiros anos de instituto.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O presente Plan Dixital de Centro foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital, integrado polos tres membros do Equipo Directivo.

O EDPD comezou a cumprir coas achegas requiridas na Aula Virtual habilitada para tal fin na ADIX_VIM.

A primeira fase da elaboración do plan enmarcouse dentro da Fase I: Análise e diagnose de situación de centros.

Nesta primeira fase, tras a presentación do centro na plataforma, organizouse unha enquisa SELFIE para a comunidade educativa, tra a cal se trasladaron os resultados á aula virtual. Tamén foi necesario procesar e comunicar os resultados do informe do test de competencia dixital que tivo que realizar o profesorado. Finalizamos esta primeira fase, coa elaboración e presentación do informe DAFO.

Para cumprir coa segunda fase proposta: "Deseño e elaboración do Plan Dixital" Deseñamos as táboas cos obxectivos propostos para o noso centro, en relación á dinamización dixital do mesmo.

Rematouse esta segunda fase, coa presentación do documento no que se recolle o Plan Dixital do Centro (nel recollemos e procesamos, novamente, toda a información analizada previamente, e xa comunicada con anterioridade na plataforma).

O conxunto dos membros do EDPD contou coa formación, información e colaboración dos mentores de zona, e cos documentos e videoconferencias informativas proporcionado a través da Aula Virtual para tal fin.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con conexión a internet cableada e mediante Wiffi.

As aulas de 5º e de 6º de primaria, son E-Dixgal.

O centro posúe aula de informática, con equipos obsoletos.

Contamos con tablets das que o profesorado pode facer uso mediante un rexistro.

.Empregase a plataforma ABALAR MOBIL para a comunicación coas familias.

Non hai contratada ningunha empresa externa para o mantemento dos equipos do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo	2.6				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo	2.7				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado	3.5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	3.1				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional	Equipo	3.3				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	3.3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo	3.3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo	3.1				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo	2.5				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	3.8				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>9</u>	<u>9</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50%</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>5</u>	<u>60%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,5	<u>Integrador B1</u>	76,4	<u>Integrador B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia	Nivel de competencia en
--	--------------------------------------	----------------------	-------------------------------------	-------------------------

			(sobre 192)	Galicia
Inf	71,9	Integradora (B1)	68,2	Integradora (B1)
Pri	98	Experto (B2)	77	Integradora (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5,6%
A2	6	33,3%
B1	3	16,7%
B2	5	27,8%
C1	3	16,7%
C2		
TOTAL	18	100%

2.3.Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C3. A calidade da conexión a internet está mellorando nos últimos tempos.	<p>C1. O centro non conta con aula de informática en condicións.</p> <p>C1. O centro non conta con aula de informática en condicións.</p> <p>C1. O centro non conta con aula de informática en condicións.</p> <p>C1. O centro non conta con aula de informática en condicións.</p>
	PERSOAL DOCENTE		A40P. O profesorado

	<p>A3. interese por novas modalidades de ensino.</p> <p>E1. interese pola creación de recursos interactivos en liña.</p> <p>E2. inquietude pola creación de recursos dixitais.</p> <p>F6. Interese na creación de proxectos interdisciplinares.</p>	<p>non conta con tempo para explorar as posibilidades do ensino dixital.</p> <p>B1. dificultades para a avaliación do proceso.</p> <p>B2. Opinións encontradas sobre o uso da tecnoloxía na aula.</p> <p>D3. escaso intercambio de experiencias e de recursos.</p> <p>E3. A penas se empregan os entornos virtuais de aprendizaxe.</p> <p>F6. Necesidade de implementar máis proxectos interdisciplinares.</p>
PERSOAL NON DOCENTE		<p>F4. A persoa auxiliar que favorece a inclusión de alumnado TEA precisaría formación dixital.</p>
ALUMNADO	<p>H. Boa predisposición para a adquisición de contidos dixitais.</p>	<p>C8. Sería preciso mellorar a calidade dos dispositivos.</p> <p>C10OP. Sería preciso mellorar a calidade e a cantidade dos dispositivos dixitais para o aprendizaxe.</p> <p>H. As competencias dixitais do alumnado son moi limitadas.</p>
FAMILIAS		

			Falta de alfabetización dixital nas familias
	OFERTA	A3. posibilidade de formación dixital para o alumnado mediante as materias de libre configuración en 4º e.p e en 6º e.p	A3. Non hai vestixio de novas modalidades de ensino.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	F8 OP. O profesorado está moi implicado na formación no eido dixital.	A1. O centro non conta con unha estratexia dixital consensuada e con continuidade A4OP. Os docentes sentímonos presionados para impartir o currículo, quedando os tempos para explorar novos xeitos de ensinar relegados a un segundo plano. C13OP. Os dispositivos que o centro pon a disposición do profesorado son totalmente obsoletos e moi pouco útiles.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	c2. A administración pode mostrarse colaborativa no tocante a facilitar a dotación de dispositivos ó centro.	C1. A administración non facilita a consecución de infraestructuras axeitadas. C2. a administración non proporciona os dispositivos dixitais axeitados para o ensino. C3. O acceso a internet facilitado polas administracións podería ser mellor. C5.A administración non proporciona unha asistencia técnica de utilidade en todos os casos. C14. A administración non colabora na creación de espazos físicos axeitados. C16 OP. A administración non facilita a existencia de repositorios en liña de calidade.
	LEXISLACIÓN		

	<p>A5OP. A comunidade educativa podería formular normas básicas de dereitos de autor e licenzas de uso.</p> <p>c7. A comunidade educativa podería formular estratéxias que favorezan un correcto respecto á protección de datos.</p>	<p>A5OP. As licenzas de uso e as normas sobre o dereito de autor supoñen unha ameaza.</p> <p>C7. No eido dixital a protección de datos sen dúbidas vólvese máis complexa.</p>
CONTORNA	<p>C5. O centro podería atopar o xeito de mellorar o eido da asistencia técnica.</p>	<p>C11OP. Trátase dun centro do rural, no que hai grandes dificultades na alfabetización dixital en toda a comunidade educativa.</p>
ANPA	<p>C16OP. A ANPA podería implicarse na mellora da biblioteca e da aula de informática.</p>	<p>H11OP. Falta de alfabetización dixital.</p>
OUTRAS ENTIDADES	<p>B3. O centro podería localizar colaboracións externas.</p> <p>B4OP. O centro podería afondar na consecución de sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia.</p>	<p>B3. Non contamos con unha colaboración correcta por parte do concello.</p>

3. Plan de Acción

Nas táboas de obxectivos pódense ver obxectivos que suporán unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Establecéronse áreas prioritarias e determináronse os obxectivos, que sitan nas táboas de obxectivos. Así como tamén se extrae das táboas información relativa a ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada. (Información nas táboas de obxectivos).

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro precisa mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos tales como:

Dotación de ordenadores para a aula de informática, coa finalidade de que esta poida ser empregada como lugar de alfabetización dixital.

Aumentar o número de táblets do centro, así poderán ser empregadas por máis dunha aula á vez.

Así mesmo, cómpre dotar ó Ciclo de Infantil de equipamento dixital, pois sitan noutro edificio, e non contan a penas con equipamento dixital, precisano para iniciar ós escolares na alfabetización dixital, así como para poder levar a cabo un proceso de Ensino/Aprendizaxe concordante coa realidade dixital na que os nenos e nenas conviven.

Dotar a biblioteca de equipamento dixital, para poder crear nela un recanto de procesamento da información, imprescindible en calquera BE.

Non se debería esquecer a necesidade de mellorar a conexión a internet, coa finalidade de poder empregar, sen cortes nin interrupcións nin improvisación negativa, a innumerable cantidade de recursos educativos en liña que se oferta.

Plan de Acción do Plan Dixital do CEIP O AREAL

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURAS						
1. OBXECTIVO (1):	C8 dispositivos dixitais para o aprendizaxe. Creación dun recanto robótico e dun recanto dixital na Biblioteca Escolar con 2 ordenadores para o uso do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Grupo dinamizador do Plan Dixital do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación dun recanto dixital					
Valor de partida (3)	Non existe o recanto dixital na biblioteca					
Valor previsto e data (4)	Existe o recanto dixital na biblioteca			DATA PREVISTA de fin 23/12/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Seleccionar dispositivos dixitais que se poidan ubicar na BE para o uso do alumnado.	Coordinador TIC	30/9/22	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Organizar de xeito físico o recanto	GDPDC	30/10/22	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Organizar as quendas/ normas de uso do recanto dixital	GDPDC	30/10/22	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Avaliación do bo funcionamento do recanto.	Coordinador do Plan Dixital	30/6/23	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COÑECEMENTOS DIXITAIS DAS FAMILIAS						
2 . OBXECTIVO (1):	E4 comunicación coa comunidade educativa. Programar a posta en marcha da Escola de Pais, centrándose no relativo ós coñecementos de ferramentas dixitais por parte das familias.				Acadado	
RESPONSABLE:	EDPDC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participación de nais e pais no programa					
Valor de partida (3)	Non hai datos previos					
Valor previsto e data (4)	50% dos nais e pais participan no programa			DATA PREVISTA de fin 1/5/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Analizar as necesidades/intereses das familias no eido dixital	Equipo directivo	30/10/22	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Motivar ás familias a que participen na escola de pais/nais.	Equipo directivo	10/12/22	Persoal Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Seleccionar os ponentes máis axeitados para a escola de pais/nais.	Equipo directivo	10/1/23	Persoal + orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Poñer en marcha a escola de pais/nais.	Equipo directivo	15/1/23	Persoal + orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
3. OBXECTIVO (1):	H Competencias dixitais do alumnado. Implementar contidos dixitais de xeito transversal en todos os cursos				Acadado	
RESPONSABLE:	GDPDC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de coñecementos dixitais transversais impartidos ao alumnado					
Valor de partida (3)	Non hai datos previos					
Valor previsto e data (4)	5 contidos dixitais transversais impartidos no centro			DATA PREVISTA de fin 30/6/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Consenso dos contidos dixitais que deben ser abordados en cada curso	Equipo directivo	1/ 10/22	Persoais claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Programación para a implementación de ditos contidos en cada curso	Equipo directivo	1/11/22	Persoais titores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: implementación das actividades precisas para abordar os contidos consensuados	Equipo directivo	30/11/22	Persoais titores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COMPETENCIA DIXITAL DO PROFESORADO						
4. OBXECTIVO (1):	D3 Intercambio de experiencias. Mellorar a formación do profesorado no uso de recursos dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de docentes que participan en formacións no uso de recursos dixitais					
Valor de partida (3)	Non hai datos					
Valor previsto e data (4)	75% de docentes do centro que participan en formacións no uso de recursos dixitais			DATA PREVISTA de fin 16/5/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Sondar as necesidades/ intereses do claustro no relativos ós recursos dixitais interesantes para a docencia.	ED	1/10/22	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Explorar as distintas posibilidades que nos ofrecen dende o CFR/INTEF/CAFI	ED	7/10/22	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Seleccionar a formación máis axeitada ás necesidades do centro.	ED	10/10/22	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Poñer en marcha a liñá de formación seleccionada.	ED	10/1/23	persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": ENTORNOS VIRTUAIS DE ENSINO APRENDIZAXE						
5. OBEXectivo (1):	E3 Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe. Dinamizar o uso de entornos virtuais de ensino/aprendizaxe por parte do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	ED				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBEXectivo (2)	Porcentaxe de docentes que empregan entornos virtuais de aprendizaxe no centro					
Valor de partida (3)	Non hai datos previos					
Valor previsto e data (4)	65% dos docentes empregan a aula virtual do centro			DATA PREVISTA 30/6/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Posta en marcha das aulas virtuais	Coordinador TIC	1/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Breve introducción ó claustro de como funcionan	Coordinador TIC	10/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Incentivar o uso das aulas virtuais	ED	30/6/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
6. OBXECTIVO (1):	Implementación dun Proxecto Documental Integrado a nivel de centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Biblioteca Escolar				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Todas as aulas contribuíron o PDI do centro					
Valor de partida (3)	Non hai datos					
Valor previsto e data (4)	Todos as aulas fixeron aportación á PDI do centro			DATA PREVISTA de fin 30/6/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A06.1: Consenso da temática do PDI anual do centro	Equipo directivo	1/9/22	Persoais Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Deseño do produto final do PDI	Equipo BE + Equipo directivo+ EDLG	1/10/22	Persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Programación das distintas actividades anuais para contribuío ó PDI	Equipo BE + EDLG	10/10/22	Persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.4: Participación activa nas actividades propostas	Claustro	30/6/23	Persoais Titores e mestres especialistas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PROTECCIÓN DE DATOS						
7. OBXECTIVO (1):	C7 protección de datos. Creación dun protocolo e normas internas sobre a protección de datos no centro educativo.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de membros da comunidade educativa que reciben a información do protocolo					
Valor de partida (3)	Non hai datos previos					
Valor previsto e data (4)	100% dos membros da comunidade escolar recibe información sobre o protocolo			DATA PREVISTA 31/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Reunión para alcanzar consenso sobre o uso de imaxes do alumnado nas plataformas dixitais	Equipo directivo	1/9/2022	Persoais Convocatoria no claustro(incluir esta acción como punto no orde do día) Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Publicación e difusión do protocolo decidido na reunión anterior	Equipo directivo	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN COS ADMINISTRACIÓNS						
8. OBXECTIVO (1):	B3 Colaboracións. Mellorar a comunicación de necesidades / colaboración co Concello				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de colaboraciónes con el concello					
Valor de partida (3)	Non hai datos anteriores					
Valor previsto e data (4)	2 colaboraciónes con el concello			DATA PREVISTA de fin f 30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A08.1: Determinar en que pode colaborar o Concello co centro no eido de mellorar a competencia dixital da comunidade educativa.	Equipo directivo	31/12/2022	Persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Reunión co concello para explorar as vías de colaboración determinadas na reunión do equipo directivo	Equipo directivo	31/12/2022	persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Difusión e realización das colaboracións co concello	Equipo directivo	30/06/2023	Web do centro Coordinador TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": IMPLICACIÓN DA ANPA						
9. OBXECTIVO (1):	C12 OP Fenda dixital: apoio para abordar dificultades. Favorecer a implicación da ANPA no proceso de mellora da competencia dixital do conxunto da comunidade educativa.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo + Directiva ANPA				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de actividades dixitais nas que a ANPA colabore					
Valor de partida (3)	Non hai datos previos					
Valor previsto e data (4)	2 Actividades dixitais nas que participe á ANPA			DATA PREVISTA 30/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO9.1: Determinación dos puntos nos que a colaboración da ANPA é de utilidade	Equipo directivo	31/12/2022	Persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Traslado das conclusións á directiva da ANPA	Equipo directivo	15/1/2023	Persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: Sondeo das inquietudes/ intereses/ necesidades da ANPA no eido dixital	Equipo directivo	20/1/2023	Persoais directiva ANPA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.4: Implementar actividades nas que se manifeste unha colaboración/ implicación efectiva	Equipo directivo	31/5/2023	Persoais directiva ANPA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COMPETENCIA DIXITAL ALUMNADO						
10. OBXECTIVO (1):	F1 Adaptación ás necesidades do alumnado. Impartir contidos de alfabetización dixital nas sesión de libre configuración dos cursos 4º e 6º de E.P				Acadado	
RESPONSABLE:	ED				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de contidos dixitais impartidos nas materias de libre configuración dos cursos 4º e 6º de E.P					
Valor de partida (3)	Non hai datos previos					
Valor previsto e data (4)	5 contidos dixitais impartidos nas materias de libre configuración dos cursos 4º e 6º de E.P			DATA PREVISTA de fin 30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A010.1: Elaboración da programación da materia	Xefe de Estudos	20/9/2022	Persoais e loxísticos Mestre/a que a imparte coordinador TIC Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A010.2: Posta en marcha da materia	coordinador TIC	1/10/2022	Persoais Mestre/a que a imparte Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A010.3: Avaliación da idoneidade da materia	Mestre + XE	30/6/2023	persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Levarase a cabo un procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- A avaliación procesual farase unha vez ao trimestre. Valorando o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- A avaliación final farase unha vez ao ano, coincidindo coa fin do curso académico. Valorando as consecucións do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do centro será publicado na Web do centro, coa intención da súa difusión entre toda a comunidade educativa.